

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA “MÁIS TALENTO MOTOR”

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, quen actúa en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Da outra, Antonio Rodríguez Troitiño, presidente da Federación Galega de Automobilismo, na representación desta e no exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos.

Dá fe do acto Beatriz del Cerro del Río, secretaria da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, conforme aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UA0CLXURK4UW2UDA



EXPOÑEN QUE

Primeiro. Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas, entre si ou con suxeitos de dereito privado, para un fin común, tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Segundo. No artigo 36.d da LRBRL dispónse que lles corresponderá ás deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro. Segundo o artigo 7 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LDG), e nos termos dispostos nesta lei, na lexislación de réxime local e na lexislación sectorial do Estado, as deputacións provinciais exercerán as seguintes competencias no seu correspondente ámbito territorial:

- Fomentar e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Cuarto. Por outra banda, no artigo 29 desta mesma lei sinálase que as administracións deportivas de Galicia —no ámbito das súas respectivas competencias e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas— facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer.



Quinto. No artigo 22.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra dispónse que as subvencións se poderán conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do Orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, no que se inclúe unha subvención nominativa á Federación Galega de Automobilismo para levar a cabo o programa “Máis talento motor” por importe de vinte mil euros (20.000,00 €).

Así mesmo, o Pleno desta institución, na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2026, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito número 1/2026, publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) do 4 de marzo de 2026, no cal se inclúe un aumento de doce mil euros (12.000,00 €), destinados á Federación Galega de Automobilismo para levar a cabo o programa “Máis talento motor”.

Sexto. Debe terse en conta que os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán o carácter de bases reguladoras e incluírán, como mínimo, os puntos contemplados no artigo 15.6 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra. Ademais, tamén deberá recollerse que a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial non será superior ao 20 %.

Sétimo. O Servizo de Deportes, como órgano instrutor, emitiu un informe no que se acredita que o expediente de petición de subvención reúne os requisitos recollidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, e a Intervención informa favorablemente a fiscalización previa á concesión da subvención.

Oitavo. Deste xeito, co fin de que as dúas entidades poidan cumprir cos seus fins e obxectivos,



ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Federación Galega de Automobilismo para axudar a financiar o programa "Máis talento motor" (en diante aparecerá denominado como "convenio"), o cal estará suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 a favor da Federación Galega de Automobilismo, coa finalidade de axudar a financiar o programa "Máis talento motor" durante o 2026, desde o 18 de xaneiro ata o 7 de decembro de 2026.

Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención prevista nominativamente no Orzamento de 2026 da Deputación de Pontevedra a favor da Federación Galega de Automobilismo e aboar o importe de trinta e dous mil euros (32.000,00 €), condicionado ao cumprimento dos termos establecidos neste convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos establecidos nel.

Terceira. Obrigas da Federación Galega de Automobilismo

A Federación Galega de Automobilismo comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria achegada, con CSV: AFQCZK8SOVFCRI11.
- Contar cos permisos e coas autorizacións necesarias para realizar o obxecto deste convenio.
- Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UA0CLXURK4UW2UDA



- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.
- Facilitar toda a información que lle requira a Intervención xeral da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Someterse ás actuacións de comprobación do órgano concedente ou da entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos se requiran nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir co disposto no artigo 43 da LDG, polo que deberá levar os libros contables susceptibles de xustificar a exactitude dos resultados das operacións económicas realizadas e que reflectan a imaxe fiel da súa actividade económica.
- Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da LXS.
- Prestar o seu consentimento para incluír e facer público este convenio de colaboración, se así se estimase, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios.



- En toda a documentación e información relativa ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra, e figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por parte desta institución provincial.

Cuarta. Crédito orzamentario, orzamento, contía e coeficiente de financiamento

A concesión da subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.02.

O importe da subvención ten unha contía de 32.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 90,63 % sobre o orzamento detallado do proxecto obxecto da subvención presentado pola entidade, por un importe de trinta e cinco mil cincocentos dez euros (35.510,00 €), incluído o IVE, e que se achega no anexo I.

Orzamento	Subvención concedida	Coeficiente de financiamento
35.510,00 €	32.000,00 €	90,63 %

Quinta. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado. Conforme ao disposto no artigo 19.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral subvencións, e no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.

Sexta. Notificación electrónica

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima. Procedemento de xustificación e pago

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UA0CLXURK4UW2UDA



A entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de xaneiro de 2027.

As entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a xustificación, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

- **Anexo II. Conta xustificativa**

- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de necesitar relacionar máis gastos, utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).

Na xustificación de ingresos, relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase que o importe das subvencións concedidas por outros organismos públicos e os fondos propios ou privados para a actividade ou o investimento subvencionado non superaron o importe total dos gastos para a devandita actividade. No caso de superávit, será motivo de reintegro, co límite da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra.

- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.
- **Memoria explicativa** na que se detalle a realización e a finalidade da actividade.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- Os gastos indicados na conta xustificativa deben pagárselles ás súas ou aos seus provedores antes de presentar a xustificación da subvención. No caso de que a federación non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.



- A entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900,00 €) implicará que este se considere non subvencionable.
- Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que renuncia á subvención, e dítase a resolución de perda do dereito ao cobro, que se lle notificará á entidade beneficiaria.

O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para cobrar a subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Oitava. Entrada en vigor e vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá vixencia ata o 7 de decembro de 2026, data que se establece como fin de execución da actividade. En calquera caso, os efectos económicos do convenio estarán vixentes ata a aprobación do procedemento de xustificación da subvención e do control financeiro.

Novena. Extinción e efectos da resolución dos convenios

Este acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da LRXSP. En particular, resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Décima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UA0CLXURK4UW2UDA



As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Por incumprir a obriga de presentar a xustificación nos termos establecidos.
- Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.

Décimo primeira. Control financeiro

A entidade beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro (4) anos, contados a partir do pago da subvención, e indicaráselle que, no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe destes).

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables do anexo II presentado coa solicitude, así como o resto de gastos que a entidade estime imputables (posibles gastos que non se reflicten no anexo II).

Esta contabilidade deberá estar recollida nos libros contables coa totalidade de gastos e de ingresos; en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme á lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo segunda. Remisión ao Tribunal de Contas



As partes comprométense a remitirle a documentación necesaria ao Tribunal de Contas, en cumprimento do establecido no artigo 53 da LRXSP e na Resolución do 2 de decembro de 2016, da Presidencia de Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, todo iso no prazo e na forma establecida para o efecto.

Décimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo cuarta. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no capítulo VI do título preliminar da LRXSP.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, aplicarase o disposto no propio acordo e, na súa



falta, na LRXSP, na LSG, na LXS, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e nas Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2026, na LRBRL, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, e na LDG.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste acordo. En caso de non ser posible unha solución amigable e resultar procedente un litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver as devanditas cuestións será a contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio dixitalmente.

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UA0CLXURK4UW2UDA



Anexo I.

DEPORTE
GALEGO**PRESUPOSTO "+TALENTO MOTOR" DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026****GASTOS**

• Alquiler Dacia Sandero Stepway ECO :	2.500 €
• Seguro do Vehículo de Competición:	2.000 €
• Inscripción nos Rallyes:	370€
• Hoteis e Dietas:	400€
• Consumibles:	400€
• Pneumáticos:	1.392 €

TOTAL POR CARREIRA: 7.062€**TOTAL x 5 CARREIRAS: 35.310 €****INGRESOS**

• Patrocinio Deputación de Pontevedra :	32.000 €
• Aportación da FGA:	3.310 €

TOTAL: 35.310 €

Firmado polo Secretario da Federación Galega de Automobilismo, Román Lamas
Fernandez e con V.B. do presidente da Federación Galega de Automobilismo, Antonio
Rodríguez Troitíño.



En Lalín, a 10 de maio de 2026

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UA0CLXURK4UW2UDA

